

Apuntes para unha biografía de UXIO NOVONEYRA

MANUEL-EUGENIO DE NEIRA POL*

Sumario

No Mandeo pódeste bañar dúas veces na mesma auga, porque abala e máis devala.

Abstract

In the Mandeo river you can bathe twice in the same water, because it flows downstream on the falling tide, and back upstream on the rising one.

Uxio Novoneyra naceu en Parada do Courel (1) o 1º de xaneiro de 1930, na casa dos seus pais. Estaba previsto que fosen seus padriños os meus, Pura e Uxio, de Pacios, este irmán de Manuela, nai do Poeta, o que non foi posible polo pasamento de meu pai á temperá idade de trinta e seis anos, e foi por iso que se lle puxo Uxio en lembranza do que non puido ser o seu padriño.

O apelido NOVONEYRA xurdiu da unión dos primeiros dos seus pais Xosé e Manuela.

Parada do Courel, onde íl naceu, está enclavado na mesma serra, e no seu redor, o máis achegado é:

A DEVESA DA RUGUEIRA, «de rebolos grosos, teixos e faias» nos que latexa o espírito do bosque, e no cimo déla as dúas famosas fontes de augas brancas e rubias.

O MONTE CIDO, fortificado polos romanos, no que foron atopados a PLACA DE HOSPITALIDADE DO CARBEDO i a AIGA IMPERIAL, bronces que polo seu valor histórico, están depositados no Museo Provincial de Lugo.

O CASTELO DO CARBEDO; do noso antergo o Adiantado Maior do Reino de Galiza, García Rodríguez de Valcarce e Balboa, Señor de Doncos e de moitos castelos e casas fortes, quen no seu testamento de 25 de setembro de 1366 ante o Notario de Lugo Ares Fernández, que eu conservo, deixouno á Orde de Santiago.

Aló enriba, o Pía Paxaro, ó máis alto da serra.

A CASA DE UXIO, que el dí que a fixeron os seus antergos á súa maneira, ten un encanto orixinario como poucas; a situación e o entorno son imponentes e máxicos, influindo poderosamente na súa inspiración e na súa alma de poeta, do gran poeta que sin dúbida foi.



***Manuel-Eugenio de Neira Pol, ilustre avogado lucense é primo e amigo moi querido do poeta.**

(1) Escribo Courel como facía Rodríguez de Valcarce no seu testamento e como se contén nos documentos medievais. Un filólogo de moda di que Caurel ven de Courel, i «se trata de la divinidad suprema de la altura, la que dio su nombre, entre otros a los montes del Caurel o Courel» (CARIDAD, «Cultos y Divinidades de la Galicia Prerromana» a través de la toponimia, editado por la Fundación Barrié, 1999).

Anuario Brigantino 1999, nº 22
Betanzos. ISSN: 1130-7625

Ó poñerse o sol, fai que baixe a sombra do ucedo ata aniñarse no peito do Poeta, como él dí nun dos seus poemas da door. Máis ó norte, envolto en sombras érguese o misterioso CASTRO DE BRIO, que el chama O BICO TORTO (2), en referencia a que o vértice do cume está descolgado cara ó abismo.

E vaise á CASA desde SEVANE, a catro quilómetros, que foi vila e capitalidade do municipio do Courel, por unha pista asfaltada a carón do Río Seco, polo Real, unha das vías de penetración no Courel dende as terras de Oencia, na veciña provincia de León.

Na CASA, debeuse ter moita seguridade, pois as trabuqueiras, inda agora presentes, encañonan a porta de entrada.

¡Canto teño disfrutado desde neno na compañía de Uxío! ¡E de adolescentes! ¡E de homes!

Ir con él á súa CASA do Courel e ver o agarimo con que abre as portas e fiestras, pousando as súas mans nas cousas como querendo acaricialas; como mira no interior do gran armario de nogueira para coller a chave dun pequeno arcón tallado que sempre se coñeceu como «arcaa de papá sol», sin que se saiba a orixe de tal nome, e mirando para min di: «ando a tocarlle as maos ós meus antepasados».

Estar alá con Uxío e a súa dona Elba, compartindo os mesmos sentimentos, ledicias e pesares, e o cariño con que me trataron sempre a mín e ós meus foi para mín enriquecedor, tanto máis canto fun o padriño da súa boda.

Entrámbolos dous a cotío revelan a unión tan preta cás súas xentes e a súa terra, que onde queira que vaian somentes fan amigos.

Moito se podería dicir de Uxío e do Courel, que sería un canto a esa terra tan sensible para él e tan inmaculada; como dí nos «EIDOS»: «As verbas deste libro son verdade nas terras outas e soias do Caurel. Nelas, para non mancar as cousas, soio as nombro ou déixoas ir dun movemento seu, acostumado e natural». O primeiro en recoñecelo foi o escritor Ramón Piñeiro no fermoso prólogo do seu libro «OS EIDOS».

Non so no Courel senón tamén nas súas estancias en Lugo, o día e a noite fánse cortos, nas conversas con él, que case sempre rematan recitando algún novo poema.

Uxío, como se sabe, estivo en Madrid estudiando e traballando. En TVE dirixía o programa VERSOS A MEDIANOCHE, deixando todo pola enfermidade dos seus pais ós que tivo que atender e cuidar personalmente no Courel, con unha adicación e tenrura que somentes as almas escolleitas coma a súa poden facer. Désto fíxose eco Victoria Armesto nun artigo do 11 de outubro de 1970 na VOZ DE GALICIA que levaba o título «Semblanza de un poeta» no que di entre outras loubanzas «Este amor filial me hace pensar en Antígona o en Cordelia, o en Telémaco»... «Empeñado en estos menesteres en el curso de estos tristes años, sin dormir muchas noches, Uxío Novoneyra apenas si ha podido escribir y es casi milagroso que de su pluma haya surgido una colección de cuentos que pone al alcance de nuestros niños las viejas leyendas galáicas, y una oda al Vietnam, de difícil tema».

No limitado espacio con que conto para esta colaboración non podo extenderme sobre a súa vida de Madrid e do respecto, aprecio e admiración dos escritorres e intelectuais daquel tempo: Patiño, Grandío, Blas Lourés e tantos outros, como recoñece Francisco Umbral no seu libro «La noche que llegué al café Gijón».

(2) En caurelao bico sinifica pico o cumbre; lo mas alto.

Está en Compostela «vendo nevar no Courel», pero tamén traballando pola nosa cultura como Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

E para terminar quero destacar que a súa concencia nacionalista e o seu pensamento están moi presentes na súa obra. Compre lembrar que o diario de Lugo «EL PROGRESO» saudaba o 28 de Xullo do ano 1976 as Súaas Maxestades Os Reises cando visitaron por primeira vez a esta cidade, e a cabeceira do diario non podía ser máis expresiva pois dicía:

«Hoy visitarán Lugo por vez primera los Reyes de España. Lugo les brindará sin duda una magnifica acogida. Al expresarles la satisfacción popular por su presencia, al darles nuestra gozosa bienvenida en esta nueva etapa nacional, queremos saludarlos, en nombre de una Galicia que ansía renovarse, con unos versos de NOVONEYRA, el gran poeta del Caurel, que refleja certeramente nuestras más actuales inquietudes»:

PATRIA GALEGA

É xa hora de que señas Terra a patria dos teus
dos que gardaron a fala en que máis se dixo adeus
e señas dona de ti e señora de falar
señora de decidir e dona de se negar.

Lugo, setembro de 1999



De dereita a esquerda: Uxío Novoneyra, Elba (a súa dona), Olga Patiño e Xulio Cuns. Azougue, Betanzos, 1994.

Invocación de Betanzos

Betanzos dos teitos dourados e cuprosos
i as afiadas torres das eirexas antigas
denegridas da choiva i o vento do mar!

Escuadrós fadados do lupo!
Camiño de Ambroa, Irixoa e Monfero,
de terras de Andrade a terras de Cela!

Río Mandeo,
vagariño nas noites de todas as estrelas!

Ponte Vella do Norde!
Portas, ruas iradas,
balcós e solainas colgados de garamela,
prazas íntimas co vagante xusto!

A volta dos Caneiros

As ondas do río debalaban lenes
levando as barcas soltas pro infindo do mar e da noite.

Sobor das barcas
as mulleres, o viño, as viandas eran xa unha promesa.

O cor loce o sol riba de unha onda cada vez mais grande
esquecendo a noite i as ondas que nela medran hastra afogarnos.

O viño, as viandas i o sangue atópanse no cor infindo
onde toda a forza da terra faise luz

Cando o viño roxo, que non perde a cor no cor,
xa non abondaba a nosa sede infinida
achegamol-os beizos a vasos mais fondos.

As mulleres eran verdadeiras coma o viño
i o amor mesmo eran un xeito de ledicia.

As maos das doces dádivas
fixeron un rego
pra que toda a ledicia de aquela hora vertese no meu cor.

Ali encheo o pozo máxico onde afogou a miña soidade

A medida que o tempo pasaba
un alongabase da morte.

No milagre longo
coidei seguir sempre nas barcas debalando

Cando as luces da ponte
colleron as barcas enfeitadas na [menlida] rede de coores.
eu xa sabía que a ledicia era mais que un brinco i un berro.

Ista é a lembranza que eu trouguen dos Caneiros ós Tesos Cumes.

Names da lembranza

Lémbrome de tí, Betanzos,
onde eu soupen que a ledicia pode ser infinda coma a dor.

Lémbrome de tí, Bosco dos Caneiros,
onde a festa era un pano algareiro de reviricoques
movendose cada intre mais perto do cor.

Lémbrome de vos Pilar e Anxa.

Lémbrome de tí, Tomás Dapena,
que levas sempre nas maos
o pan i o viño da amizade que non se vende ós alleos.

Lémbrome de vos:
Vales, Cuns, Muiño, Concheiro, Pita.

Lémbrome de vos Molina, Mon, Bocelo
das conversas sinxelas de cada día.


Lémbrome de vos Manoel Maria e Avilés de Taramancos.

Lémbrome de tí Alvaro Cunqueiro.
A tua ausencia tamen iba na nosa barca.

Pasou tempo. Pasaron moitas [nebras] ...
Dobran as [capanas] da neve nos soutos nuos do nadal.

Estou soio lembrando aquela ledicia

Courel. Nadal 1955.



A volta dos Carneiros.

As ondas do rio debalaban lenes
 levando as barcas e voltas pro infinito do mar e da
 noite.

Sob as barcas
 as mulleres, o vinho, as viandas eran xa unha
 promessa.

O cor late o ol riba de unha onda cada vez máis
 esquecendo a morte i as ondas que en da noite van
 a morte i a morte afogando.

O vino, as viandas i o sangue atípanse no cor infinito
 onde toda a forza da terra faise luz.

Cando o vino roxo, que non perde a cor, no cor,
 xa non abordaba a nosa sede infinita
 achegámonos os beixos a vasos máis finos.

As mulleres eran verdadeiras, como o vinho
 i o amor mesmo eran un acido de ledicia.

As mans das doces d'ativas
 fixeron un rego
 proa que toda a ledicia de aquela hora vertese
 no meu cor.

Aídi encheo o foco máxico, onde afogou a
 minha vontade.

(continuar)

(continuar)

A medida que o tempo pasaba
 un alongabase da morte.

Un milagre longo
 ondei seguir sempre nas barcas e balando.

Cando as luces do día
 colleron as barcas enfeitadas na menteira rede
 de coores,
 eu xa sabía que a ledicia era máis que un
 bronco i un burro.

Esta é a lembranza que eu traquero dos
 Carneiros de Foz de Carnes.



VMs sa lembrança.

Lembrance de ti, Betaurus,
onde eu soube que a tua vida se ^{infundia co-} _{me a 70 r.}

Lembrance de ti, Boses dos Conchos,
onde a festa era um pão algarvio de rebricoques
mooendose cada mtoe (mais festa do cor).

Lembrance de vos, Pilar e Anxa.

Lembrance de ti, Tomás, Dapena,
que levava sempre nas mãos
o pão e o vinho da amustaga que não se
estava os alhos.

Lembrance de vos:

Vales, Cuns, Muiño, Concheiros, Pita.

Lembrance de vos, Tralins, Mra, Boco
das conchas sinxelas de cada dia.

Lembrance de vos, Tralins, Maria e Avi,
e os de Faramancos.

Lembrance de ti, Álvaro (unquinos).
A tua ausência trouxe ibz na minha barra.

Do tempo, Passaron puoi'as nebras...
Dobram as capanas da neve nos tontos, mais do
Naval.

Estou vivo lembrando aquela vida
em 1955. W. B. B.